A) Le o texto seguinte e contesta as cuestións:

« (…) Antes do dezasete, o sentimento de galeguidade ficaba cáseque totalmente esmorecido na nosa terra. A nosa lingua, a nosa lírica, as cousas da nosa Historia eran estudadas e tratadas por algúns, moi poucos, galegos, como feitos arqueolóxicos. Unha erudición fría falaba das características raciaes cun xeito ouxetivo; tal que si Galiza fose un planeta morto e lonxano. Facíanse inventarios do pretérito sin emoción algunha, agás en contadósimos conterráneos. As caro provincias en que nos escindiu o centralismo vivían a vida administrativa hespañola, desvencelladas unhas das outras, sin sentiren xa a máis pequena saudade da vella unidá galega. E os poboadores das mesmas (…) trocados en sinxelos habitantes dun territorio que deixara de ser un país con alma, en loita suicida co seu propio ser, tiñan a Madri (sic) polo seu único meridiano inteleitual, «moral» e artístico (…)

Pois ben, entón a penas ningún home culto da nosa terra emocionábase miga coas cousas enxebres. Polo contrario: adoitaban ollarse con indiferencia cando non con desprecio, coidándoas inferiores ás do resto da Hespaña. A rexa colonización castelá chegara a infundir na maioría dos nosos paisanos o presentimento vergoñoso da propia autoinferioridade, que inda hoxe custa caro desbotar de algúns.

Meu irmán Ramón e máis eu, os primeiros que concibimos o arredismo en Galicia, en parolas íntimas, decatados de tan triste fenómeno, falábamos da necesidade de facer o intento dunha forte e fera sementeira nacionalista. Era cando os aliados da gran guerra procramaban o direito á liberación das pequenas terras asoballadas. En artigos que publiquei en La Voz de Galicia, que mereceron os honores da polémica, comezou todo o apostolado. Seguidamente din a lus o folleto aceso de amor á patria, co rubro de Nacionalismo galego –nunca aquí se falara de nacionalismo- que esgotouse decontado, merecendo louvanzas serias dos xornaes de tódolos matices…».

Antón Villar Ponte, *O loitador inesquecente*

CUESTIÓNS

1. **Resume os trazos que, segundo opina Villar Ponte, caracterizaban o panorama cultural galego antes da creación das Irmandades.**

2. **Que circunstancias histórico-políticas rodearon a fundación das Irmandades, segundo o seu máximo promotor?**

3. **A través de que medios ou canles se espallou a nova ideoloxía?**

SOLUCION

1. **Resume os trazos que, segundo opina Villar Ponte, caracterizaban o panorama cultural galego antes da creación das Irmandades.**

   — A inexistencia dun sentimento de galeguidade no pobo galego, que levaba consigo unha desvalorización da lingua, da lírica e da historia.
   — Un excesivo centralismo, con Madrid como núcleo básico, cidade a onde se dirixían todas as miradas considerándoo un modelo a seguir e imitar.
   — Un sentimento xeneralizado de inferioridade con respeto ao resto de España.

2. **Que circunstancias histórico-políticas rodearon a fundación das Irmandades, segundo o seu máximo promotor?**

   A primeira guerra mundial, 1914, na cal os aliados proclamaban o dereito dos pobos con identidade propia, e que foran colonizados ou asoballados por outros, a defender o seu e liberarse.

3. **A través de que medios ou canles se espallou a nova ideoloxía?**

   Por medio da prensa, dos diversos xornais, e folletos propagandísticos.

B) Le o seguinte texto e contesta as seguintes cuestións:

O esforzo das derradeiras xeracións galegas tiña un obxetivo fundamental: recoller a nosa espiritoalidade, esmigallada durante varios séculos de inercia cultural, e darlle cohesión interna, conciencia de si e pulo creador. Só así se podía reconstruir a persoalidade de Galicia como pobo. Era unha empresa esforzada e urxente, porque a nosa conciencia colectiva tiña chegado aos lindeiros da atonía letal, estaba a piques de se deixar caer na escura sima da vida intrahistórica.

Temos que reconocer que, no seu núcleo esencial, este obxetivo ideal foi cobrando realidade crecente. Galicia ten hoxe conciencia do seu propio ser e dos direitos que lle son naturalmente inherentes. A fe das abnegadas minorías que souperon emprender o camiño do rexurdimento chegou a quebrar a códea da inmobilidade, da resignación, da pasividade fatalista e, sobre o corpo esmacelado da vella Galicia, foise configurando pouco a pouco a imaxen dunha Galicia nova. Hoxe sabemos cales foron os males que lle esmigallaron o espírito e cales son os remedios para lle desentangarañar o corpo.
Este primeiro paso cara a autoconciencia, cara o autoconocemento, era fundamental e decisivo. Sin esa conciencia, do propio ser, sin ese sentimento colectivo da propia persoalidade e dos seus dereitos naturais, Galicia subsistiría como país mais deixaría de existir como pobo. Comezouse, é certo, por percurar esa persoalidade no pasado histórico. Era o tributo obrigado ao ambiente romántico inicial. Desde entón andivemos moito camiño. Hoxe non percuramos no pasado histórico a fisonomía da nosa persoalidade colectiva. Percurámola direitamente nas súas manifestacións vivas e actuais. De aquel ollecer alimentado nos lagos encantados da evocación histórica pasamos a desenvolver unha creación cultural autóctona afincada nas grandes inquedanzas e nos horizontes do noso tempo.

Nese plano de creación cultural, a presencia de Galicia vaise afirmando de maneira cada vez máis decidida. Galicia manifesta así a realidade orixinal do seu ser xenuino e a vontade de o desenvolver plenamente. Todo pobo leva en si unha orixinal posibilidade cultural. E todo pobo que desenvolve esa posibilidade ten, mesmo por eso, un posto activo na historia. Está xa camiñando na dirección renovadora.

Ben sabemos que non abonda con eso para desentangarañar o noso corpo social, que é, naturalmente, a máis punxente das nosas arelas. Para acadarémolo será precisa unha teimosa e intensa acción reformadora e anovadora que modifique a estruturación administrativa, económica e cultural do noso país. Pro non se chegará de veras a esta etapa sin antes desenvolver plenamente a anterior. Na mesma medida en que arraíce e se estenda a nosa vida cultural, estenderase e arraizará a nosa conciencia colectiva de pobo con persoalidade de seu e con vontade de a desenvolver.

Nesta conciencia fonda e rexa do propio ser é onde radica verdadeiramente o destino histórico do pobo galego. Sin eso valerían de ben pouco tódalas estruturas institucionais que se lle poidesen ofrecer como solución aos seus problemas.

Ramón Piñeiro «Autoconciencia» (1962) en *Olladas no futuro* (1974)

CUESTIÓNS

1. **Explica a evolución na toma de conciencia da identidade de Galicia, segundo Ramón Piñeiro.**

2. **Cal é a importancia das minorías nese proceso?**

SOLUCIÓN

1. **Explica a evolución na toma de conciencia da identidade de Galicia, segundo Ramón Piñeiro.**

Nun primeiro momento, comezouse a percurar a personalidade histórica de Galicia no pasado histórico compartido.

Na actualidade, son as accións culturais actuais autóctonas as que conforman a identidade como pobo e poñen en valor a personalidade do noso pobo. Esta toma de conciencia conlevará un cambio na estruturación administrativa, económica e cultural do noso país.

2. **Cal é a importancia das minorías nese proceso?**

A loita incansable das minorías posibilitou nun primeiro momento a creación da imaxe dunha Galicia nova, rompendo vellos estereotipos negativos e impoñéndose á inmobilidade e a resignación